



Acta da Xunta de Escola ordinaria do 7 de febreiro de 2014

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 07/02/2014.
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 07/02/2014.
- III. Encargo de docencia (PDA) do Grao de Enxeñaría de Recursos Mineiros e Enerxéticos e do Grao de Enxeñaría da Enerxía, para o curso académico 2014-2015.
- IV. Memoria económica e liquidación do orzamento do exercicio 2013.
- V. Dossier Cartel des Mines 2014.
- VI. Orzamento da Escola para o exercicio 2014.
- VII. Candidaturas presentadas para a renovación da Comisión Permanente.
- VIII. Documentación relativa ao Plan de Calidade da E.T.S. de Enxeñaría de Minas.

Ábrese a sesión ás 13 horas e 5 minutos, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da E.T.S. de Enxeñaría de Minas, presidida polo Director, Don José Benito Vázquez Dorrío, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. Constitución da nova Xunta de Escola.

A Dirección da a benvida ao alumnado e PDI incorporado á esta Xunta de Escola, logo da celebración das eleccións. Constitúese a Xunta de Escola da E.T.S.E. de Minas para o curso 2013-2014 cos membros relacionados no parte de sinaturas que se achega como anexo II a esta acta.

2. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 19 de decembro de 2013.

Envíase por correo electrónico e nela inclúese o texto lido polos representantes do alumnado no punto de Rogos e preguntas.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a acta da sesión ordinaria da Xunta de Escola celebrada o 19 de decembro de 2013.

Unha vez aprobada será posta na nova sección de DESCARGAS ACTAS E GASTOS de acceso libre da web do centro.



3. Informe do Director.

O Director informa sobre as seguintes cuestións:

- A Dirección recibiu un escrito da Consellería de Educación referido ao informe previo favorable para a remisión a verificación de títulos de grao que se imparten no centro e o do futuro Máster en Enxeñaría de Minas.
- O 18 de Febreiro o centro acollerá a celebración da V Olimpíada de Xeoloxía na que se recibirán uns 60 participantes da provincia de Pontevedra. A actividade será coordinada no centro pola profesora Natalia Caparrini Marín.
- A Dirección roga que o profesorado, a través da Secretaría Virtual, indique, antes do 16 de Febreiro, no apartado correspondente, as súas preferencias para a realización do proceso de Enquisas de Avaliación Docente (EAD) do segundo cuadrimestre.
- A ETSE de Minas participará no proceso de certificación da implantación e funcionamento do Sistema de Garantía Interna de Calidade. Este proceso de certificación supón ser auditados por unha comisión externa, tras analizar a situación de desenvolvemento do sistema e unha visita ao centro na que se entrevista co equipo directivo, coa Comisión de Garantía de Calidade e con representantes dos distintos colectivos. A obtención da certificación correspondente, aparte do aval que implica de cara a axentes externos (alumnado potencial, entidades empregadoras, universidades coas que se establezan relacións, etc.) supón unha facilidade para a verificación, seguimento e acreditación para as nosas titulacións, pois varios aspectos xa se darán por validados. O proceso debería rematar antes do verán de 2014. En breve a Área de Apoio á Docencia e Calidade impartirá a comunidade do centro unha acción formativa en materia de calidade para afrontar o proceso. Actualmente o SGIC está sendo actualizado de forma coordinada pola Profesora Natalia Caparrini Marín e o alumno Marcos González Bello. A Dirección agradece o traballo realizado.
- Profesorado do centro, coordinado polo profesor Leandro Alejano, organiza este ano o Simposium Europeo de Mecánica de Rocas (EUROCK'2014) <http://www.eurock2014.com/> A Dirección agradece esta iniciativa que visibiliza na Sociedade á ETSE de Minas e permite logo establecer contactos con outras escolas e universidades que poden dar lugar a convenios de docencia e investigación.
- A Asociación Deportiva Cartel de Mines, renovou a súa Xunta Directiva, que pasa a estar constituída polos seguintes membros:
 - Presidenta: Luján López Gutiérrez;
 - Vicepresidente: Guido Cerqueira;
 - Secretario: Fabio Soto Méndez;
 - Tesoreiro: Alejandro Vidal Fontela;
 - Vocais: Carlos Coroas Fombella e Sergio Villamarín Dafonte.

A Dirección agradece o traballo realizado.



- Publicouse a modificación do Regulamento de Estudos de Posgrao, aprobada no Consello de Goberno de 18 de decembro de 2013. Entre outras cousas destaca que é función da Comisión Académica do Máster (CAM) “Elaborar o PDA/POD do máster no prazo especificado pola Universidade. Para o POD, a CAM poderá contar co persoal docente da Universidade de Vigo, así como profesorado externo cualificado. A elección do persoal docente deberá cumprir cos criterios obxectivos que acorde a CAM”.
- A iniciativa da Delegación de Alumnos a Dirección solicitou por escrito ampliación de prazo matrícula para o segundo cuadrimestre do presente curso á Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade. Desde o Servizo de Alumnado informaron que se vai abrir un novo prazo do 12 ao 19 de febreiro.
- A Dirección en representación da ETSE de Minas participou no acto de acto de San Tomé de Aquino 2014 que se levou a cabo no Campus de Vigo.

4. Aprobación, se procede, do límite de prazas para primeiro curso dos graos impartidos nesta escola, así como do límite de prazas por traslado para o acceso a ditos graos para o curso académico 2014-2015.

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar 50 prazas como límite de prazas para primeiro curso dos graos impartidos nesta escola. Así mesmo apróbase, por asentimento, 10 prazas como límite de prazas por traslado para o acceso a ditos graos para o curso académico 2014-2015, cos mesmos criterios de adxudicación que en anos anteriores, e dicir: terán preferencia os alumnos que soliciten o traslado desde un dos dous graos que se imparten nesta Escola, ordenados por nota media do expediente. Logo ordenaranse o resto das solicitudes dos alumnos que veñan doutros graos tamén por nota media do seu expediente de orixe.

5. Aprobación, se procede, do encargo de docencia (PDA) do Grao de Enxeñaría de Recursos Mineiros e Enerxéticos e do Grao de Enxeñaría da Enerxía, para o curso académico 2014-2015.

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar o encargo de docencia (PDA) do Grao de Enxeñaría de Recursos Mineiros e Enerxéticos e do Grao de Enxeñaría da Enerxía para o curso académico 2014-2015 que foi coordinada pola Subdirectora María Araújo Fernández. Achégase dito documento como anexo III a esta acta.

6. Aprobación, se procede, da memoria económica e liquidación do orzamento do exercicio 2013.

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar a memoria económica e liquidación do orzamento do exercicio 2013 que foi coordinada polo Subdirector David Patiño Vilas, e que se achega como anexo IV a esta acta. Agradécese á administradora do centro Ana Cacheiro a axuda prestada na realización deste presuposto.

As execucións trimestrais pódense consultar no apartado ACTAS E GASTOS da web do centro: <http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/index.php?id=394,430,0,0,1,0>



7. Aprobación, se procede, de axuda económica da E.T.S.E. de Minas ao congreso de EUROCK2014.

Do 27 e o 29 de maio no Centro Social Novacaixagalicia celebrárase o congreso internacional EUROCK2014, simposio da Sociedade Internacional de Mecánica de Rochas, organizado desde a E.T.S.E. de Minas por diversos investigadores do centro.

A organización do evento solicita una axuda de 1875€ destinados á inscrición de 15 alumnos de mestrado, doutoramento e último curso da escola.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, a concesión de dita axuda económica.

8. Aprobación, se procede, de subvención e aval para o Cartel des Mines 2014.

Logo da exposición sobre as actividades do Cartel de Mines por parte dun representante de dita asociación, a Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar unha subvención de 3000€ para o desprazamento. Este ano celébrase en Saint-Etienne (Francia).

O Cartel mantén o seu compromiso de atender a Aula de Acceso Libre do centro cando non se ocupa como Aula Informática.

Achégase como anexo V o dossier exposto.

9. Aprobación, se procede, do orzamento da Escola para o exercicio 2014.

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar o Presuposto 2014 (que se achega como anexo VI a esta acta) que foi coordinada polo Subdirector David Patiño Vilas. Agradécese á administradora do centro Ana Cacheiro a axuda prestada na realización deste presuposto. Agradécese á administradora do centro Ana Cacheiro a axuda prestada na realización deste presuposto.

As execucións trimestrais poderán consultarse no apartado ACTAS E GASTOS da web do centro: <http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/index.php?id=394,430,0,0,1,0>

10. Renovación, se procede, da Comisión Permanente.

Para a renovación da Comisión Permanente para este curso académico 2013-2014, recibíronse as seguintes candidaturas (que se achegan como anexo VII a esta acta):

SECTOR PDI 1º GRAOS

TITULAR	SUPLENTE
ÁNGELES SAAVEDRA GONZÁLEZ	ALFONSO MANDADO VÁZQUEZ



SECTOR PDI 2º GRAOS

TITULAR	SUPLENTE
MARTA CABEZA SIMÓ	ELENA ALONSO PRIETO

SECTOR PDI 3º GRAO ENXEÑARÍA DA ENERXÍA

TITULAR	SUPLENTE
JORGE C. MORÁN GONZÁLEZ	ENRIQUE GRANADA ÁLVAREZ

SECTOR PDI 3º GRAO ENXEÑARÍA DOS RECURSOS MINEIROS E ENERXÉTICOS

TITULAR	SUPLENTE
FERNANDO GARCÍA BASTANTE	LEANDRO ALEJANO MONGE

SECTOR PDI TITULACIÓN DE ENXEÑARÍA DE MINAS

TITULAR	SUPLENTE
TERESA RIVAS BREA	JAVIER TABOADA CASTRO

SECTOR ALUMNOS:

TITULARES	SUPLENTES
UXÍA ALONSO SANMARTÍN	CAROLINA RODRÍGUEZ HERMIDA
ROSALÍA CARRILLO PÉREZ	ALEXANDRE CASAL ECHEVARRÍA
JAIME GARCÍA IGLESIAS	DIEGO FARO MALVAR
ÁLVARO RODRÍGUEZ LÓPEZ	XEILA IGLESIAS JUSTO

SECTOR PAS

TITULAR	SUPLENTE
Mª CARMEN ROMO PÉREZ	

Existindo o mesmo número de candidaturas que prazas non procede votación e a Xunta de Escola aproba, por asentimento, esta composición da Comisión Permanente para o curso académico 2013-2014.



11. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da E.T.S. de Enxeñaría de Minas.

A Comisión de Garantía de Calidade da ETSE de Minas aprobou na súa reunión do 5 de Febreiro a seguinte documentación, que se inclúe no anexo VIII a esta acta:

- Proposta de política e obxectivos de calidade de centro (IT01-PE01 Centro 13-14)
- Plan de promoción do centro (R1 DO 0202 Centro 13-14)
- Información Pública do Centro (R1 DO 0301 Centro 13-14)

A Xunta de escola aproba, por asentimento, a antedita documentación.

12. Rogos e preguntas.

Non se producen intervencións.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 40 minutos do día de hoxe, do que como Secretaria dou fe en Vigo, a sete de febreiro de dous mil catorce.

Vº e Prace

O Presidente

A Secretaria

José Benito Vázquez Dorrío

Natalia Caparrini Marín



ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 07/02/2014



ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 07/02/2014



Asistentes Xunta de Escola ordinaria 07/02/2014

PROFESORES	
1.	Presidente: José Benito Vázquez Dorrió
2.	Secretaria: Natalia Caparrini Marín
3.	Alonso Prieto, Elena
4.	Álvarez Zaragoza, María Luisa
5.	Cabeza Simó, Marta
6.	Carrillo González, Camilo José
7.	García Bastante, Fernando
8.	González Rodríguez, Elena
9.	Liz Marzán, Eduardo
10.	López-Cancelos Ribadas, Rubén
11.	Morán González, Jorge
12.	Patño Vilas, David
13.	Pena Uris, Gloria
14.	Pérez Pérez, Carmen
15.	Rivas Brea, Teresa
16.	Saavedra González, Ángeles
17.	Sánchez Bermúdez, Angel Manuel
18.	Vázquez Vázquez, Manuel
19.	Vijande López, Javier
ALUMNOS	
1.	Alfonso Molares, Alberto
2.	Alonso Sanmartín, Uxía
3.	Carrillo Pérez, Rosalía
4.	Casal Echevarría, Alexandre
5.	Faro Malvar, Diego
6.	García Iglesias, Jaime
7.	González Méndez, Patricia
8.	Graña Molina, Rodrigo
9.	Iglesias Alonso, Laura
10.	Iglesias Justo, Xeila
11.	Lema Costa, Nerea
12.	López Echevarría Isabel
13.	Oliveira Aboy, Diego Antonio
14.	Rodríguez Hermida, Carolina
15.	Rodríguez López, Álvaro
P.A.S.	
1.	Romo Pérez, Mª del Carmen

Total membros Xunta de Escola :	53
Asistentes	35

Excusan a súa asistencia:

- Dona María Araújo Fernández
- Don Alfonso Mandado Vázquez



ANEXO III

Encargo de docencia (PDA) do Grao de Enxeñaría de Recursos Mineiros e Enerxéticos e do Grao de Enxeñaría da Enerxía, para o curso académico 2014-2015.



ANEXO IV

Memoria económica e liquidación do orzamento do exercicio 2013.



MEMORIA ECONÓMICA E LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO 2013

E.T.S. ENXEÑARÍA de MINAS

Introdución:

O importe do presuposto asignado á E.T.S. de Enxeñaría de Minas correspondente ós créditos descentralizados para o exercicio 2013 sumaba un total de **68.160,38 €** se temos en conta que se realizou unha transferencia dende a partida de subministracións e reparacións do Edificio de **10.187,64 €** e que con posterioridade se recibiu o ingreso correspondente a unha corrección dos cálculos do contrato programa do centro por importe de **440,68 €** un reintegro de pagos de telefonía móbil mal facturados de **27,46 €** e unha incorporación de remanente total de **800 €** o crédito definitivo alcanzou un total de **79.616,16 €**

No que atinxe ós créditos para o ano 2013 o igual que en anos anteriores os centros reciben financiamento por dúas vías:

- a) O financiamento básico do exercicio precedente coas mesmas partidas existentes dos capítulos II e VI, manténdose os mesmos importes que no ano 2011 e 2012 e coa mesma vinculación por artigos que permite que algún concepto excedentario financie ós debedores, manténdose nembargante a vinculación a nivel de subconceptos no 226.01 “Atencións protocolarias”.
- b) O financiamento condicionado por produción docente que resultará da distribución por criterios de calidade e tamén o resultado do Contrato Programa do Centro e que foi ingresado na partida 226.99 “Gastos diversos”.

Compre destacar na memoria do ano 2013 que neste exercicio modifícanse os elementos da clasificación económica de gastos que aínda non se correspondían co establecido na Resolución de 19 de xaneiro de 2009, da Dirección Xeral de Presupostos, que é a que veñen utilizando tanto o Estado como a Xunta de Galicia, para homoxeneizar definitivamente a clasificación do orzamento de gastos coas demais administracións e para facilitar a correlación cos elementos de custo da contabilidade analítica.

O estado de gastos confeccionarase aplicando: a) unha clasificación funcional por programas que informa do obxectivo a acadar (por exemplo, “111L Docencia”); b) unha clasificación orgánica que indica sobre o centro ou unidade da Universidade que realiza o gasto (no noso caso “0008 E.T.S.E. de Minas” e “AL08 Delegación de alumnos Minas”); e c) unha clasificación económica que informa da natureza do mesmo e que xerou cambios nas partidas que soportan os gastos reflectíndose a natureza do gasto e non o fin do mesmo.

A liquidación global do presuposto é a que se reflicte no cadro final (páx. 5) pasándose seguidamente a analizar por separado os importes aproximados correspondentes ós conceptos principais do gasto.



CAPITULO II.- GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS

ARTIGO 22.- Material, subministracións e outros

Concepto 220: Material de oficina

Basicamente os gastos principais corresponden a: material de oficina e fotocopias de dirección, área académica, área económica e conserxería; fichas alumnos, papel exames, material de imprenta, encadernación de actas, material de promoción para a Semana da Ciencia 2013 e outros pequenos gastos cun custo total de **9.871,15 €**

Debido a execución contable dispúxose da cantidade de **4.755,52 €** desta partida nunha transferencia a partida 482.24 “Bolsiros calidade”.

Na execución final da partida e xurdindo gastos imprevistos resultou un saldo negativo de **3.826,67 €** que foi sufragado mediante a vinculación do artigo 22 dende outras partidas excedentarias segundo se reflicte no cadro da páx. 5.

Subconcepto 221.02: Subministracións de docencia

O concepto 221.02 comprende os subministracións de docencia funxibles relativos ás áreas segundo o reparto que neste concepto se fixo entre as mesmas e que foi aprobado na Xunta de Escola, executándose neste ano 2013 a cantidade de **15.434,39 €** o saldo positivo da partida de **1.864,61 €** en virtude da vinculación de créditos axudou a sufragar outras partidas do artigo 22 deficitarias na súa execución segundo se reflicte no cadro da páx. 5.

Concepto 222 “Comunicacións”

Neste exercicio presupostario, e dacordo ós criterios de distribución e normas complementarias de execución dos créditos descentralizados para o ano 2013, estableceuse que o pagamento dos gastos telefónicos xestionárase de maneira centralizada, en función dun límite de crédito do que disporían as diferentes unidades administrativas para gastos de teléfono, ó non superar dito límite neste exercicio económico os únicos gastos asumidos por esta partida foron o do consumo telefónico dos móbiles de dirección e da terceira parte do da administradora por un importe aproximado de **684 €** resultando un saldo positivo de **1.554,51 €** que en virtude da vinculación de créditos axudou a sufragar outras partidas do artigo 22 deficitarias na súa execución segundo se reflicte no cadro da páx. 5. Asemade executáronse os remanentes do ano 2012 que por importe de **800 €** incrementan tanto o crédito definitivo da partida como os gastos da mesma, por último compre destacar que neste concepto atopase comprometida a cantidade de **90 €** para facelos pagos pendentes don ano 2013 no seguinte exercicio económico.

Concepto 223 “Transportes ”

Imputáronse nesta partida, por un importe total de 7.197,38 € todos os gastos xerados polo transportes necesarios para a realización das *prácticas de campo* de tódalas titulacións existentes no centro e debidamente autorizadas. Imputándose tamén nesta partida uns 2.200 € de desprazamentos como axuda o Cartel des Mines 2013 que se celebrou na Universidade de Oviedo. O saldo resultante negativo de 2.337,38 € que como noutras partidas financiouse en virtude da vinculación por artigos dende outras partidas excedentarias do artigo 22, segundo se reflicte no cadro da páx. 5.

**Concepto 226.01: "Atencións protocolarias" (vinculación a nivel de concepto)**

Imputáronse por un importe total de 2.684,32 € tódolos gastos debidamente autorizados dende o Centro, quedando un saldo positivo na partida de 30,68 € esencialmente referidos á adquisición de 40 Manuais de ACLUXEGA para entregar a persoas/institución que visiten a escola, 1000 bolsas/mochila para entregar como obsequio nas actividades de difusión da oferta educativa do centro, centro floral con motivo de falecemento de profesor na EEI ou obsequios para entrega a profesores que se xubilaron a finais do curso 2012-2013.

Subconcepto 226.06: Conferencias

Imputáronse nesta partida en execución do presuposto os gastos xerados polas conferencias de promoción impartidas nos Institutos polo PDI non funcionario por importe de 285 € e tamén os traballos de colaboración na Semana da Ciencia para a divulgación da titulación por un importe aproximado de 3.965,33 €

Por último compre subliñar que o crédito inicial desta partida resultou insuficiente polo que se fixo necesario realizar unha transferencia de crédito dende o artigo 21 de reparacións e mantemento do edificio por importe de 6.000 € que xunto con saldo positivo de 3.099,67 €, que en virtude da vinculación por artigos, financiou outras partidas deficitarias do artigo 22.

Concepto 226.99: Outros gastos

Este concepto foi dotado no ano 2013 con 11.227,06 € procedentes do contrato programa subscrito pola Escola e da consecución de obxectivos segundo o plan de calidade docente da Universidade. Os gastos imputados nesta partida foron esencialmente os seguintes : adquisición de diverso material promocional da escola (bolsas, camisetas carreira Santa Bárbara, tazas, lonas, cadros etc.) e publicidade en prensa (Faro de Vigo, A Opinión da Coruña) por un importe aproximado de 6.500 €, aportación de 500 € para a habitual colaboración co Foro Tecnolóxico, varias colaboracións na Semana da Ciencia por importe duns 4.500 € e diversas tarefas de mantemento da paxina web da Escola por importe de uns 2.000 €

Na execución final da partida e xurdindo gastos imprevistos resultou un saldo negativo de 4.111,72 € que foi sufragado mediante a vinculación do artigo 22 dende outras partidas excedentarias segundo se reflicte no cadro da páx. 5.

Subconcepto 227.09 "Traballos realizados por outras empresas"

Neste concepto soportase como principal gasto a limpeza das alfombras dos hall de entrada por un importe aproximado de 1.500 € e imputáronse tamén neste exercicio outros gastos de carteis (400 €), tarefas mantemento da web (1.000 €) e o custe do traslado do servidor dos laboratorios docentes a servizos centrais (300€).

Por último compre subliñar que o saldo positivo desta partida financiou parte do déficit das partidas do art. 22 en virtude da vinculación de créditos segundo se reflicte no cadro da páx. 5.



ARTIGO 23.- Indemnizacións por razóns de servizo

Concepto 230: Indemnizacións por razón de servizo

Imputáronse dietas e gastos de locomoción da dirección do Centro por importe de 2.135,81 €e debido a aplicación das novas normas contables imputouse nesta partida e por importe de 800 €os custos das conferencias de promoción da titulación realizadas polo PDI funcionario, resultando o crédito inicial desta partida insuficiente polo que se fixo necesario realizar unha transferencia de crédito dende o artigo 21 de reparacións e mantemento do edificio por importe de 326 € Están incluídos tamén os desprazamentos da Dirección á Madrid motivados pola asistencia á Reunión de Escolas de Enxeñaría de Minas e o cofinanciamento da asistencia á reunión de AIESMIN en Medellín-Colombia.

CAPITULO IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES

Concepto 482.24: Bolseiros programa de calidade

Esta partida foi dotada cunha transferencia de crédito por importe de **4.755,52 €**dende o concepto 220 “Material de oficina “, crédito que foi executado na súa totalidade na retribución e no pago das cotas da seguridade social de dos dous bolseiros colaboradores durante o ano 2013.

CAPITULO VI.- INVESTIMENTOS

Concepto 625: Mobiliario e equipamento

Neste concepto inclúense os gastos con destino ós investimentos que van entrar por primeira vez en funcionamento como mobiliario en xeral, equipos de oficina, equipos informáticos, equipos audiovisuais, software etc. Priorizouse este ano a adquisición e instalación do software necesario para o funcionamento das aulas informáticas do Centro cun custo total de **9.334,42 €** adquiriuse tamén con cargo a esta partida unha fonte de auga fría (**1.427,80 €**) e unha destrutora (**653,40 €**) sendo a dotación inicial da partida insuficiente e realizándose una transferencia de crédito por importe de **2.174 €**dende o artigo 21 de reparacións e mantemento do edificio.



LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO 2013

		CRÉD. DEFINIT.	GASTADO	COMPROMETIDO	DISPONIBLE
CAP. II.- GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS					
Vinculantes a nivel de artigo					
Art. 22.- Material, subministracións e outros					
220	Material de oficina	6.044,48	9.871,15	0,00	-3.826,67
221.01	Subministrados administrativos	1.687,64	0,00	0,00	1.687,64
221.02	Subministrados docentes	17.299,00	15.434,39	0,00	1.864,61
222	Comunicacións	3.077,46	1.432,27	90,68	1.554,51
223	Transportes	4.860,00	7.197,38	0,00	-2.337,38
226.06	Gastos conferencias	7.350,00	4.250,33	0,00	3.099,67
226.99	Outros gastos	11.227,06	15.338,78	0,00	-4.111,72
227.09	Traballos realizados por outros	5.400,00	3.330,66	0,00	2.069,34
Total vinculante artigo 22:		56.945,64	56.854,96	90,68	0,00
Art. 23.- Indemnizacións por razón de servizo					
230	Indemnizacións por razón de servizo	3.026,00	3.025,81	0,00	0,19
Total vinculante artigo 23:		3.026,00	3.025,81	0,00	0,19
Vinculantes a nivel de subconcepto					
226.01	Atencións protocolarias	2.715,00	2.684,32	0,00	30,68
TOTAL CAPÍTULO II:		62.686,64	62.565,09	90,68	30,87
CAP. IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES					
482.11	Bolseiros colaboradores	4.755,52	4.755,52	0,00	0,00
TOTAL CAPÍTULO IV:		4.755,52	4.755,52	0,00	0,00
CAP. VI.- INVESTIMENTOS					
Art. 62.- Inversións asociadas ao funcionamento dos servizos					
625	Mobiliario e equipamento	12.174,00	12.054,70	0,00	119,30
TOTAL CAPÍTULO VI:		12.174,00	12.054,70	0,00	119,30
TOTAL CAPÍTULOS II, IV E VI:		79.616,16	79.375,31	90,68	150,17



DELEGACION ALUMNOS DA E.T.S. ENXEÑARIA de MINAS

Neste exercicio 2013 modifícanse os elementos da clasificación económica de gastos que aínda non se correspondían co establecido na Resolución de 19 de xaneiro de 2009 da Dirección Xeral de Presupostos para facilitar a correlación cos elementos de custo da contabilidade analítica e como resultado da aplicación deses criterios nacen contablemente como centros de gasto diferenciados as Delegacións de Alumnos.

No exercicio 2013 o crédito inicial para a Delegación de alumnos da E.T.S. de Enxeñaría de Minas é de **2.800 €** reflectíndose a liquidación global do presuposto no cadro final (páx. 6) pasándose seguidamente a analizar por separado os importes aproximados correspondentes ós conceptos principais do gasto:

CAPITULO II.- GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS

ARTIGO 22.- Material, subministracións e outros

Concepto 220: Material de oficina

Basicamente os gastos principais corresponden a pequenos gastos de material de oficina, tóner e papel por un importe total de **2.391,02 €**

Concepto 227.09:Traballos realizados por outros

Neste concepto imputáronse os gastos do mantemento anual da web por un importe total de **408,98 €** que foi sufragado mediante a vinculación do artigo 22 dende outra partida excedentaria segundo se reflicte no seguinte cadro.

LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO DELEGACION 2013					
		CRÉD. DEFINIT.	GASTADO	COMPROMETIDO	DISPONIBLE
CAP. II.- GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS					
Vinculantes a nivel de artigo					
Art. 22.- Material, subministracións e outros					
220	Material de oficina	800,00	2.391,02	0,00	-1.591,02
226.99	Outros gastos	2.000,00	0,00	0,00	2.000,00
227.09	Traballos realizados por outros	0,00	408,98	0,00	-408,98
TOTAL CAPITULO II		2.800,00	2.800,00	0,00	0,00



ANEXO V

Dossier Cartel des Mines 2014.



El Cartel de Minas fue creado en 1974 y su existencia viene justificada por la competición deportiva que toma el mismo nombre, celebrada anualmente a nivel europeo. En este evento competimos a modo de “olimpiadas” las distintas Escuelas europeas de Ingeniería de Minas. Edición tras edición, la participación en este evento se ha incrementado, llegando a competir en las últimas ediciones siete Escuelas francesas (Saint-Etienne, Nantes, Paris, Nancy, Douai, Albi y Alès), una alemana (Bochum), tres españolas (Madrid, Oviedo y Vigo), una italiana (Torino) además de una polaca y una rusa.

La Escuela de Minas de Vigo comenzó su andadura en el Cártel en el año 2002, cuando fue invitada por la Escuela de Minas de Oviedo para asistir a la XXIX Edición. Desde aquella edición, año tras año hemos ido una media de 60 alumnos a competir en nombre de nuestra Escuela, gracias, fundamentalmente, a la ayuda económica que nos facilita la misma.

En el ámbito deportivo hemos intentado dar lo mejor de nosotros mismos para obtener el mayor número de reconocimientos y trofeos, así como dejar el nombre de nuestra Escuela en un buen puesto en la clasificación general. Un buen puesto siendo conscientes, por supuesto, que no contamos con demasiado tiempo para organizar entrenamientos y que algunos de nosotros, particularmente y por diversos motivos, no le dedicamos mucho tiempo al deporte en nuestra vida.

A pesar de todo ello, podemos presumir de unos buenos resultados a lo largo de los años como participantes en el Cartel de Minas. En concreto, y tomando como ejemplo los últimos años, en el año 2011 en Bochum (Alemania) conseguimos el oro en baloncesto femenino, bronce en fútbol masculino y un cuarto puesto en fútbol masculino. En el año 2012, de Alés (Francia), nos hemos traído a casa el oro en tenis y plata en fútbol masculino y femenino. El **año pasado**, de nuestro vecino Oviedo nos hemos llevado el **oro en fútbol masculino, plata en fútbol femenino, oro en tenis femenino** y un honorable **cuarto puesto en tenis masculino**.

En la clasificación de un total de unas 12 o 13 Escuelas que participan cada año de las anteriormente mencionadas, nuestro objetivo es quedar de la mitad hacia arriba y por ahora, estamos satisfechos de haberlo conseguido.

Todo ello es gracias a nuestra alta participación en un gran número de deportes entre los que se nos ofertan. La Escuela de Vigo (salvo casos excepcionales) lleva equipo de fútbol masculino y femenino, baloncesto masculino y femenino, tenis, natación, atletismo, voleibol masculino y femenino y balonmano masculino y femenino. Algún año también hemos llevado equipo de rugby masculino y bádminton.

Después de algunos años de experiencia podemos decir que este evento fomenta a través del deporte valores como la amistad, el compañerismo, la tolerancia y el afán de superación, y constituye además un entorno ideal donde establecer contactos y estrechar lazos, que en un futuro puedan servir para el desarrollo de nuestra vida profesional.



Concretamente, este año **2014** se celebra en la **Escuela de Minas de Saint Etienne (Francia)** del **24 al 27 de Abril**.

Hoy en día, todavía no contamos con un plan definitivo del viaje, por diversas razones:

- Debido a la distancia a la sede de competición, manejamos unos presupuestos muy altos de transporte de la empresa de autobuses que llevamos contratando, como mínimo, desde hace seis años. Por primera vez y después de tanto tiempo, por la situación económica en la que nos encontramos, nos vimos obligados a buscar "la mejor oferta" negociando con otra compañía de autobuses. Todavía nos encontramos en negociaciones con ambas.
- Por la razón anterior, y a pesar de que por tradición (en el caso de grandes distancias) realizamos una escala, una noche en ruta, existe la posibilidad de realizar el viaje "del tirón" para no incrementar el precio a pagar por cada participante, pues ya de partida será más alto que otros años pasados.
- Este año en concreto, estamos ante un viaje de gran distancia que no está siendo fácil soportar por los fondos de la Asociación. Es posible que tengamos que trasladar parte del precio a los participantes. Si a esto se le une el hecho de que la Escuela Organizadora ha subido recientemente el precio de la inscripción por persona de 120 € a 140 € (respaldados por la retirada de subvenciones y ayudas que han sufrido hace unas semanas), hace que nuestro esfuerzo sea todo el necesario para que el precio por persona para participar en el Cartel no sea excesivo, pues de esa manera destruiríamos la motivación de los ya inscritos y por supuesto provocaríamos gran cantidad de bajas.

Un año más, destacar que nuestras fuentes de financiación son escasas y últimamente por la difícil situación económica, todavía más. La principal son los eventos que a modo de fiestas universitarias organizamos en locales del centro de la ciudad, y fundamentalmente, la de nuestra patrona, Sta Bárbara, trabajando conjuntamente con la Delegación de Alumnos de la Escuela. El resultado de esta última del reciente curso no ha sido muy favorable, por lo que se nos ha quedado "coja" una de nuestras fuentes económicas más importantes.

También esperamos contar con la subvención del Colegio de Ingenieros, aunque nuestro mayor aporte económico viene de parte de la propia Escuela, el que siempre destinamos a cubrir el gasto de transporte. De esta manera el alumno que quisiera asistir al evento solo tendría que costearse la inscripción (alojamiento y régimen completo incluidos) y el alojamiento y régimen de las paradas (si se realizan) por el camino hacia o desde la ciudad anfitriona.

Queremos, antes de solicitarle a la Escuela la subvención, y dado que ésta se concede por hacernos cargo del aula de informática (Aula 0), pedirle sinceras disculpas porque la apertura de ésta no ha sido la que debiera ni con la frecuencia habitual. Esto se ha debido a la poca participación en el reparto de horas. Los alumnos de Grado ocupan la mayor parte de su tiempo en la Escuela con clases y los del Plan Antiguo en sus respectivas últimas asignaturas y el PFC (su estancia en la Escuela es muy limitada como para comprometerse).



Somos conscientes de que la subvención que se nos concede siempre ha rondado la cifra de 3000 euros. Los presupuestos que manejamos de transporte, este año superan los 5000 euros (el autobús más pequeño, de 50-55 pax), por lo que la cifra que **solicitamos** es de **3500 euros**.

Por último, agradecer a la Escuela el apoyo y el esfuerzo económico que supone y su entendimiento de cara a las dificultades que se nos presentan este año en concreto.

Vigo, a 5 de Febrero de 2014.

Fdo: **ASOCIACIÓN DEPORTIVA CARTEL DE MINAS**

Presidenta: [Luján López Gutiérrez](#)

Vicepresidente: [Guido Cerqueira](#)

Secretario: [Fabio Soto Mendez](#)

Tesorero: [Alex Vidal](#)

Vocales: Carlos Coroas Fombella y [Sergio Villamarín](#) Dafonte



ANEXO VI

Orzamento da Escola para o exercicio 2014.



PRESUPOSTO 2014

E.T.S. de Enxeñaría de MINAS

DISTRIBUCIÓN CRÉDITOS DEFINITIVOS

1.- INTRODUCCIÓN

De acordo ao orzamento do ano 2014 da Universidade de Vigo, descentralízanse os créditos dos capítulos II e VI, distribuíndose de conformidade cos criterios de descentralización que se establecían no anexo I “Criterios de distribución e normas complementarias de execución dos créditos descentralizados para o ano 2014” do presuposto da Universidade de Vigo que contempla o mantemento dos importes do 2013.

Unha vez comunicada informáticamente polo Servizo de Contabilidade a dotación inicial dos créditos descentralizados correspondentes ó Centro cómpre proceder á distribución dos mesmos para esta Escola.

2.- CRÉDITOS CONSIDERADOS

Os créditos asignados terán como finalidade financiar os gastos de docencia así como tamén os gastos necesarios para o funcionamento ordinario do centro e como ven sendo habitual nos exercicios anteriores, no ano 2014 os centros van recibir financiamento por dúas vías:

- a) Establécese un financiamento básico do presuposto do 2014 nos Capítulos II e VI que foi dotado segundo as necesidades do Centro e dos resultados acadados nos primeiros Contratos Programa da Universidade, baseado en indicadores que teñen en conta a docencia, investigación, transferencia, adaptación a outras demandas sociais, proxección internacional e xestión.
- b) Establécese, de selo caso, o financiamento adicional por “producción docente” que resultará da distribución segundo os indicadores de calidade docente.

Dada a situación de compartir edificio con outro centro, os gastos da xestión do edificio e instalacións, así como os gastos de subministracións e mantemento (auga, luz, gasóleo, etc) serán comúns a todo o Edificio.

Ó igual que nos exercicios presupostarios anteriores na dotación dos créditos débese ter en conta que os gastos de teléfono xestionaranse de maneira centralizada, asemade os gastos destinados á Biblioteca serán asumidos directamente pola Biblioteca Central.



Compre destacar no presuposto do ano 2014 a vinculación dos créditos por artigos, excepto os que se relacionan a continuación que vinculan no nivel de desagregación que se indica:

- 226.01 Atencións protocolarias.
- 226.02 Publicidade e propaganda.

Neste exercicio mantense os mesmos os elementos da clasificación económica de gastos do ano anterior que se corresponden co establecido na Resolución de 19 de xaneiro de 2009, da Dirección Xeral de Presupostos, que é a que veñen utilizando tanto o Estado como a Xunta de Galicia, para homoxeneizar definitivamente a clasificación do orzamento de gastos coas demais administracións e para facilitar a correlación cos elementos de custo da contabilidade analítica.

O estado de gastos confeccionarase aplicando: a) unha clasificación funcional por programas que informa do obxectivo a acadar (por exemplo, “111L Docencia”); b) unha clasificación orgánica que indica o centro ou unidade da Universidade que realiza o gasto (no noso caso “0008 E.T.S.E. de Minas” e “AL08 Delegación de alumnos Minas”); e c) unha clasificación económica que informa da natureza do mesmo.

No exercicio 2014 o orzamento inicial para o programa “AL08 da Delegación de alumnos” é o seguinte:

CADRO I

CLASIFICACIÓN ECONOMICA		IMPORTES
Concepto	Denominación do gasto	Ano 2014
220	Material de oficina	800,00 €
226.99	Gastos diversos	2.000,00€

Os créditos asignados á Delegación de alumnos terán como primeiro obxectivo atende-los gastos derivados das súas actividades propias e dos seus representantes nos órganos de goberno da Universidade. Para que estas dotacións poidan financiar gastos de carácter inventariable é necesario que por parte do Director ou Administrador do centro se solicite a correspondente modificación de crédito, sen que en ningún caso esta poida dar lugar a un incremento do gasto.

No exercicio 2014 o orzamento inicial asignado á E.T.S.E. de Minas ascende a un total de **68.447,00 €**(Cadro II).



CADRO II

DOTACIÓN INICIAL CRÉDITOS DESCENTRALIZADOS
DA E.T.S ENX. MINAS

Concepto	Denominación do gasto	2014
220	Material de oficina	10.800,00 €
221.02	Subministracións docentes	17.299,00 €
222	Comunicacións	2.250,00 €
223	Transportes	4.860,00 €
226.01	Atencións protocolarias	2.715,00 €
226.02	Publicidade e propaganda	3.730,00 €
226.06	Cursos, conferencias e semin.	1.350,00 €
226.99	Gastos diversos	7.343,00 €
227.09	Traballos outras empresas	5.400,00 €
230	Indemnización razón servizo	2.700,00 €
TOTAL CAPITULO II		58.447,00 €
625	Mobiliario e equipamento	10.000,00 €
TOTAL CAPITULO VI		10.000,00 €
TOTAL CAPÍTULO II E VI		68.447,00 €

Os créditos definitivos segundo a súa clasificación económica en artigos, conceptos e subconceptos é a que segue:

3.- DISTRIBUCIÓN CRÉDITOS EJERCICIO 2014

Considerando os créditos definitivos, a distribución destes nos capítulos II, IV e VI segundo a súa desagregación en conceptos e subconceptos é a que de seguido se indica. A distribución do crédito efectúase considerando tanto os gastos xa autorizados ou comprometidos como unha previsión dos que se poderían abordar no que resta de exercicio. Para cada unha das aplicacións a distribución é a que segue:

220.- Material de oficina:

Comprende os gastos ordinarios de material de oficina, prensa, libros, publicacións, cartelería eventos do centro, fotocopias, encadernacións, material para funcionamento de equipos informáticos, de transmisión e outros de administración e dirección.



Previsión	Importe
Material de oficina centro	10.800,00 €
Total	10.800,00 €

221.02.- Subministracións Docentes:

Comprende gastos de uso docente en reactivos, material funxible, fotocopias, gases, etc. Dado o carácter vinculante e limitativo do subconcepto 221.02, imputaranse nel tódolos gastos de docencia (fotocopias, material de oficina e en xeral todo o material funxible empregado na actividade docente). Véxase o reparto proporcional atendendo, igual que no ano anterior, ao número de matriculados por áreas no Anexo I.

Previsión	Importe
Subministracións Docentes (Reparto áreas)	17.299,00 €
Total	17.299,00 €

222.- Comunicacións:

Inclúe gastos por servizos postais non ordinarios e de telefonía móbil, estando os gastos por servizos telefónicos fixos centralizados.

Previsión	Importe
Telefonía móbil e servizos postais	1.150,00 €
Total	1.150,00 €

Só se asumirán por este concepto os gastos de correos e telefonía móbil autorizados pola administración e a dirección.

223.- Transportes.

Incluiranse os gastos autorizados polo Centro para esencialmente a realización dos transportes necesarios para as saídas de campo (no caso de que a práctica xerese un gasto diferente o transporte imputaríase a partida correspondente).

Previsión	Importe
Transportes	4.860,00 €
Total	4.860,00 €



227.09.- Traballos realizados por outras empresas:

Inclúense gastos de traballos realizados en empresas alleas a Universidade.

Previsión	Importe
Limpeza alfombras	2.000,00 €
Outros pequenos gastos	400,00 €
Total	2.400,00 €

226.06.- Conferencias, cursos e seminarios.

Incluiranse os gastos autorizados polo Centro para actos, cursos e conferencias relacionados coa difusión e divulgación do Centro realizados por persoal alleo as administracións públicas.

Previsión	Importe
Cursos e Conferencias	1.350,00 €
Total	1.350,00 €

226.99.- Gastos Diversos

Comprenderán actividades que sirvan para a mellora da docencia, difusión e divulgación da E.T.S.E. de Minas.

Previsión	Importe
Foro Tecnolóxico de Emprego	500,00 €
Actualización páxina web	851,36 €
Axuda EUROCK 2014	1875,00 €
Cartel des Mines	3000,00 €
Total	6.226,36 €

226.01.- Atencións Protocolarias.

Incluiranse os gastos autorizados polo Centro para gastos sociais e de representación.

Previsión	Importe
Atencións Protocolarias	2.715,00 €
Total	2.715,00 €



226.02.- Publicidade e propaganda:

Incluiranse os gastos de publicidade e propaganda das titulacións impartidas no Centro.

Previsión	Importe
Publicidade e propaganda	3.730,00 €
Total	3.730,00 €

230.01.- Indemnizacións por razóns do servizo:

Imputaranse gastos de dietas, locomoción, traslados e outras indemnización por razón do Servizo correspondente á dirección do centro e a persoal da administración pública autorizado pola Dirección.

Previsión	Importe
Desprazamentos e dietas de dirección	2.700,00 €
Total	2.700,00 €

482.11- Bolsas Colaboración

Imputaranse o custo de dúas bolsas de colaboración de xestión para o Centro.

Previsión	Importe
Bolseira/o (6 meses)	2.608,32€
Bolseira/o (6 meses)	2.608,32€
Total	5.216,64€

625.- Investimento en mobiliario e equipamento:

Neste concepto inclúense os gastos que se efectúen con destino os investimentos que vaian entrar por primeira vez en funcionamento como mobiliario en xeral (sexan de madeira, metálicos ou doutro material), equipos de oficina, tales como pcs, armarios, mesas, impresoras, arquivadores, etc.

Previsión	Importe
Reposición mobiliario e equipos informáticos	10.000€
Total	10.000 €



DISTRIBUCIÓN DO CRÉDITO POR CONCEPTOS

ART	CPTO	SUBC	DENOM. DO GASTO	PREV GASTOS	DOTACIÓN	DIFERENCIA
22	220		Mat., subministracións e outros			
			Mat. oficina	10.800,00 €	10.800,00 €	0,00
		221.02	Subministracións docentes	17.299,00 €	17.299,00 €	0,00
	222		Comunicacións	1.150,00 €	2.250,00 €	+1.100,00
	223		Transportes	4.860,00 €	4.860,00 €	0,00
	227					
		227.09	Traballos realizados por outras empresas	2.400,00 €	5.400,00 €	+3.000,00
	226					0,00
		226.06	Cursos e conferencias e seminarios	1.350,00 €	1.350,00 €	0,00
		226.99	Gastos diversos	6.226,36 €	7.343,00 €	+1.116,64
			VINCULANTES ART. 22			
		226.01	Atencións protocolarias	2.715,00 €	2.715,00 €	0,00
		226.02	Publicidade e propaganda	3.730,00 €	3.730,00	0,00
23	230		Indemnizacións por razóns do servizo			
			Dietas e locomoción	2.700,00 €	2.700,00 €	0,00
			TOTAL CAP. II	53.230,36 €	58.447,00 €	+5.216,64
48	482.24		Transferencias correntes			
			Bolseiros colaboradores	5.216,64 €	0,00 €	-5.216,64
			TOTAL CAP. IV	5.216,64 €	0,00 €	-5.216,64
62	625		Investimento asociado os servizos			
			Mobiliario e equipamento	10.000,00 €	10.000,00 €	0,00
			TOTAL CAP. VI	10.000,00 €	10.000,00 €	0,00
			TOTAL	68.447,00 €	68.447,00 €	0,00

Disposicións adicionais: 1ª.- Autorízase ao Director ou á Administradora para aprobar gastos por importe superior á dotación dos conceptos indicados, cando pola necesidade inaprazable do gasto sexa necesario reaxustar o crédito inicial, sen que iso poida supor un incremento do presuposto global.



ANEXO I

221.02	Subministracións docentes	17.299,00 €
---------------	----------------------------------	--------------------

Código	Área	2013		2014	
		Alum	€	Alum	€
A0065	Ciencia Materiais	201	969	153	673
A0265	Estatística	93	448	114	502
A0295	Explotación de Minas	586	2825	399	1756
A0305	Expresión gráfica na Enxeñaría	123	593	115	506
A0385	Física Aplicada	187	902	220	968
A0505	Enx. cartográfica, xeodésica e fotogr.	180	868	240	1056
A0515	Enxeñaría dos procesos de fabricación	52	251	18	79
A0520	Enxeñaría de sistemas e automática	61	294	106	466
A0535	Enxeñaría eléctrica	322	1552	391	1721
A0545	Enxeñaría mecánica	75	362	49	216
A0555	Enxeñaría química	173	834	239	1052
A0590	Máquinas e motores térmicos	411	1982	491	2161
A0596	Matemática aplicada	287	1384	351	1545
A0600	Mecánica de fluídos	152	733	189	832
A0605	Mec. dos medios cont. e teoría de estr.	98	472	140	616
A0650	Organización de empresas	212	1022	183	805
A0710	Prospección e investigación mineira	195	940	274	1206
A0720	Proxectos de Enxeñaría	46	222	98	431
A0785	Tecnoloxía electrónica	7	34	25	110
A0790	Tecnoloxía do medio ambiente	127	612	136	598
	TOTAIS		17299		17299



ANEXO VII

Candidaturas presentadas para a renovación da Comisión Permanente.



ANEXO VIII

Documentación relativa ao Plan de Calidade da E.T.S. de Enxeñaría de Minas.